

*PROGRAMACIÓN DE  
AULA.  
3 ANOS  
CURSO 2021- 2022*

*Titor:  
Fernando Pose Martínez  
CPI Plurilingüe Cabo da Area-  
Laxe*

## ÍNDICE.

<b>Nº</b>	<b>Título</b>	<b>Pax.</b>
<b>1</b>	<b>INTRODUCCIÓN</b>	<b>3</b>
<b>2</b>	<b>CONTEXTUALIZACIÓN</b>	<b>3</b>
2.1	O alumnado	3
2.2	O centro e o seu contorno	4
2.3	A aula	4
<b>3</b>	<b>OBXECTIVOS</b>	<b>5</b>
<b>4</b>	<b>CONTIDOS</b>	<b>5</b>
<b>5</b>	<b>COMPETENCIAS BÁSICAS</b>	<b>6</b>
<b>6</b>	<b>AVALIACIÓN</b>	<b>6</b>
6.1	Momentos de avaliación	7
6.2	Criterios de avaliación	7
6.3	Documentos de avaliación	8
<b>7</b>	<b>METODOLOXÍA E RECURSOS</b>	<b>8</b>
<b>8</b>	<b>ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</b>	<b>11</b>
<b>9</b>	<b>DISTRIBUCIÓN DE UNIDADES DIDÁCTICAS</b>	<b>12</b>
<b>10</b>	<b>ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN O CONTEXTO E OS POSIBLES ESCENARIOS PROVOCADOS POLA COVID 19</b>	
<b>11</b>	<b>REFERENTES EMPREGADOS</b>	<b>40</b>

## 1.-INTRODUCCIÓN.

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, o D. 330/08, do 4 de xuño, que establece o currículo da Educación infantil, o D.7/99 e a O.3 outubro/00, que establecen o Regulamento orgánico dos centros públicos integrados, inclúen a tarefa de programar como unha das funcións do mestre.

Dita función consiste, segundo a lexislación citada e autores como Coll, Zabalza ou Antúnez, en planificar, estruturar, organizar e dar coherencia ao proceso de ensino-aprendizaxe, tendo en conta a diversidade e necesidades do alumnado, o entorno e os recursos dispoñibles, coa finalidade de potenciar o desenvolvemento das competencias básicas no alumnado.

Así, na proposta pedagóxico-didáctica que presento, planifico os obxectivos, contidos e criterios de avaliación distribuídos en unidades didácticas, as decisións metodolóxicas sobre a miña intervención educativa e as medidas de atención á diversidade.

A pesar de programar todos estes aspectos, esta é unha proposta **aberta e flexible**, permitindo realizar os cambios que poidan ser precisos ao longo do proceso.

Para elaborar esta proposta tiven en conta o D.330/09, o Proxecto Educativo do centro e a Programación do 2º ciclo de Educación Infantil.

## 2.- CONTEXTUALIZACIÓN

### 2.1.- O ALUMNADO.

A miña proposta vai dirixida a **14 alumnos/as** de **3 anos**, polo que pertencen a 4º de Educación Infantil. Coñecer as características e necesidades dos nenos/as aos que me dirixo é imprescindible para poder axustar a miña intervención educativa ao seu ritmo, ás súas capacidades e ás súas posibilidades. Por iso obteño información dous meus alumnos/as a través das entrevistas coas familias, a observación directa e os estudos sobre a evolución do individuo realizados por varios autores, como Piaget, Wallon, Freud, Osterriet... Adapto os obxectivos, contidos e actividades a estas características propias e ás necesidades que delas se derivan.

## 2.2.- O CENTRO E O SEU ENTORNO.

O centro é o **CPIP Cabo da Area** de liña 1 e 2 constituído, o edificio de Infantil y Primaria, por 3 unidades de Educación Infantil e 8 de Educación Primaria. En base ao D.120/98 e a O.24 xullo/98, o centro conta con Departamento de Orientación e profesorado especialista en P.T e A.L.

No referente ás **instalacións** conta con ximnasio, aula de usos múltiples, aula de informática, aula de música, aula de idiomas, aula de pedagogía terapéutica, biblioteca, patio cuberto, patio de area e patio de cemento. Así mesmo dispón de servizo de **comedor**, con cociña propia, e **transporte**.

Seguindo a O.25 xuño/09, os meus alumnos/as reciben **inglés** en 2 sesións semanais de 30 minutos, así como **Relixión** e actividades de **Atención Educativa**, para os alumnos/as cuxos pais non optaran polo ensino da relixión, 1 sesión semanal (D.235/95 e O.4 outubro/95)

A **xornada** lectiva é partida con horario de 9:30 a 12:50 e de 14:50 a 16:30.

O **entorno** do centro é a vila de Laxe, na Costa da Morte, dotada de instalacións como biblioteca, centro de saúde, supermercados, lonxa, praia... A proximidade tanto de aldeas como de núcleos urbanos permitiranos realizar experiencias en ambos ámbitos sen necesidade de longos desprazamentos.

## 2.3.- A AULA.

A aula na que vou poñer en práctica a miña programación está dotada dos **materiais e recursos** necesarios para realizar todas as actividades propostas. Así, contamos con mobiliario, tanto colectivo (encerado, armario, baño na aula...) como individual (mesas, cadeiras) adaptado ao tamaño dos nenos/as. Dispoñemos tamén de diversos materiais didácticos: de xogo simbólico, de lectoescritura, de lóxico-matemática, de construcións de educación artística. Estes materiais son mercados, procedentes do entorno natural ou familiar e tamén elaborados por min e polos propios nenos/as.

A aula está **distribuída** con intencionalidade educativa por diferentes **recunchos de traballo/xogo**: Recuncho do artista, do xogo simbólico, da asemblea, da biblioteca, do ordenador... Con esta distribución pretendo atender ás necesidades de movemento, descanso, afecto, xogo, exploración e comunicación dos nenos/as e favorecer a súa autonomía.

A **lingua vehicular** da aula é a galega, posto que é a empregada pola maioría dos meus alumnos/as, é dicir a lingua materna predominante. Deste xeito respecto o dereito dos neno/as a recibir o primeiro ensino na súa lingua materna. Tendo en conta o establecido no D.79/10, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino, realizarei un programa de achegamento á outra lingua oficial, para que ao final da escolarización obrigatoria os meus alumnos/as teñan competencia nas dúas linguas oficiais da nosa comunidade.

### **3.- OBXECTIVOS.**

**Os obxectivos** establecen as **capacidades ou competencias** que espero que meus alumnos/as teñan adquiridas, coa miña intervención educativa, ao finalizar o curso escolar.

Programo na miña proposta os **obxectivos didácticos**, elaborados a partir dos obxectivos establecidos no D.330/09 e na Programación de Ciclo, tendo en conta as características propias do meu grupo de alumnos/as.

### **4.- CONTIDOS.**

**Os contidos** constitúen o obxecto directo de aprendizaxe para os alumnos/as, a través dos cales melloran as súas competencias.

Organízoos nas **3 áreas de experiencia** seguindo o D.330/09: Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal, Coñecemento do entorno e Linguaxes: Comunicación e representación.

Dentro de cada área programo implicitamente **3 tipos de contidos** seguindo un enfoque competencial e integrador: actitudes, que axudan ao neno/a a “saber ser”, procedementos, que o axudan a “saber facer” e conceptos, que adquirirá grazas aos anteriores.

Consciente da importancia da adquisición de habilidades sociais e a asunción de valores para a vida e a convivencia desde os primeiros anos, programo tamén a **educación en valores**, que impregna transversalmente a miña proposta pedagóxica formando parte de todas as áreas. Así, traballámola no quefacer cotiá da aula a través das rutinas e tamén en cada unidade didáctica propoño actividades concretas e globalizadas que propicien a súa posta en práctica. Estes valores son: educación para a saúde( que vai ter un peso importante no quefacer diario debido a situación que estamos a vivir pola

COVID 19), educación para a igualdade entre homes e mulleres, para a paz e a convivencia, ambiental e sostible, para o consumidor responsable, para o lecer e viaria.

## **5.- COMPETENCIAS BÁSICAS.**

A LOE establece oito competencias básicas que o alumnado debe desenvolver e acadar ao longo do ensino básico. Aínda que estas veñen indicadas para o ensino obrigatorio, é preciso que o seu desenvolvemento se inicie desde o comezo da escolarización, de xeito que a súa adquisición se realice de forma progresiva e coherente. Estas competencias, polo tanto, orientarán e impregnarán a miña proposta pedagóxica, e son as seguintes:

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia matemática.
- Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.

## **6.- AVALIACIÓN.**

Tendo en conta a LOE, o D.330/09 e a O.25 xuño/09, a avaliación en EI é un **proceso global, continuo e formativo**, onde as entrevistas coas familias, a observación directa e sistemática e a análise das producións dos nenos/as son os principais **procedementos** do proceso de avaliación.

Concibo a avaliación como una reflexión e valoración permanente tanto da aprendizaxe do alumnado, como do proceso de ensino e a miña práctica docente, na que **avalío os seguintes aspectos**:

- A organización da aula, o seu clima escolar e a interacción entre o alumnado, así como a miña relación cos alumnos/as.
- A coordinación entre todos os profesionais do ciclo e a coherencia con Educación Primaria.
- A regularidade e calidade da relación coas familias e a participación destes no proceso de aprendizaxe dos seus fillos/as.

- A adecuación da miña planificación e proposta pedagóxica.
- A adecuación da miña metodoloxía na contribución á adquisición das competencias básicas.
- A evolución no proceso de aprendizaxe dos meus alumnos/as.

### 6.1.- MOMENTOS DE AVALIACIÓN.

Como titor do meu grupo de alumnos/as, e tal e como establece a Orde 25 xuño/09, realizarei, en **coordinación** cos demais **profesionais** implicados na práctica educativa e coas **familias**, **catro sesións de avaliación**: unha inicial e tres máis ao longo do curso, que coinciden co remate de cada trimestre.

Na **avaliación inicial** recollo os datos máis destacados do proceso de desenvolvemento dos nenos e nenas, tendo en conta a información das familias na entrevista inicial, os informes médicos, psicolóxicos, pedagóxicos e sociais, de ser o caso, e a observación na aula.

Coa **avaliación continua**, nas distintas situacións educativas, analizo os progresos e dificultades do meu alumnado, co fin de axustar a intervención educativa para estimular o proceso de aprendizaxe. Vou recollendo as informacións nunha ficha de avaliación individual, que me serve para facer a avaliación trimestral e para informar ás familias.

Ao remate do curso escolar realizo a **avaliación final**, na que analizo o grao de consecución dos obxectivos e o avance na consecución das competencias básicas, tomando como base os datos recollidos no proceso de avaliación continua. Non só avalío ao meu alumnado, senón tamén a miña práctica docente para introducir os cambios pertinentes en función dos resultados obtidos.

### 6.2.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

No D.330/09 establécense os criterios de avaliación para o 2º ciclo de EI. A partir deles elaboro os criterios de avaliación para cada unidade didáctica da miña proposta, en coherencia cos obxectivos e contidos. Ao final de cada trimestre recollo os resultados da avaliación continua nunha ficha de avaliación individual que me permiten realizar a avaliación final de curso e informar ás familias, así como informatizar a avaliación no sistema XADE.

Estes criterios fan referencia tanto ao desenvolvemento do proceso de aprendizaxe como da miña práctica educativa.

### **6.3.- DOCUMENTOS DE AVALIACIÓN.**

Os documentos de avaliación que debo cumprimentar e rexistrar electronicamente no sistema informático XADE, veñen regulados pola O.25xuño/09, e están incluídos no expediente persoal de cada alumno/a.

O informe persoal recolle os datos de identificación do neno/a, os datos familiares, psicopedagóxicos, médicos e sociais máis significativos, ademais do resumo de escolaridade.

O informe de avaliación inicial recolle datos da entrevista coa familia, das observacións relevantes na aula e, de ser o caso, de escolarizacións anteriores.

Ao rematar o curso, elaboro o informe anual de avaliación individualizado a partir dos datos obtidos a través da avaliación continua.

Como titora, informo con regularidade ás familias mediante un informe escrito trimestral (segundo o modelo do PE) mediante a creación dun foro do grupo no WhatsApp e outro en Abalar por onde vou informando dos aspectos xerais de organización e funcionamento do centro e dos protocolos establecidos no mesmo desenvolvementos pola pandemia que estamos a vivir.

Reunións grupais por vídeoconferencia e titorías individuais por este mesmo canle de comunicación que permitan unha coordinación adecuada e adaptada o momento que estamos vivindo.

Así, comunícolles datos sobre os progresos e dificultades detectadas na consecución dos obxectivos, sobre o proceso de integración socioeducativa, sobre o grao de iniciación no desenvolvemento das competencias básicas e sobre as medidas de apoio e reforzo educativo.

### **7.- METODOLOXÍA E RECURSOS.**

O enfoque metodolóxico que sigo na miña intervención educativa baséase nos principios e orientacións que recollen a **LOE**, o **D.330/09**, o **PE** do centro e a **Proposta pedagóxica de ciclo**, procurando sempre que os meus alumnos/as logren “aprender a aprender” e “aprender facendo”, conceptos fundamentais nun enfoque baseado en competencias básicas



O primeiro principio refírese á necesidade de **partir do nivel de desenvolvemento dos nenos/as**. Así, a miña intervención educativa ten en conta as posibilidades de razoamento e de aprendizaxe que as características desta etapa lles permiten aos nenos/as. Ademais, para poder adaptar a miña actuación a este nivel dos meus alumnos/as teño en conta tamén os coñecementos construídos anteriormente a partir das súas experiencias.

Un segundo principio básico da intervención educativa refírese á necesidade de **asegurar a construción de aprendizaxes significativas**. Xa que logo, procuro, seguindo a **Aussubel** e **Novak**, que os nenos e nenas relacionen o novo material de aprendizaxe de forma significativa e non arbitraria co que xa saben, o que lle permitirá aplicar o aprendido noutras situacións e contextos, mellorando a súa competencia.

Un factor de máxima importancia para asegurar unha aprendizaxe significativa é a **motivación**, é dicir, que os nenos/as teñan unha actitude favorable cara á aprendizaxe. Para iso procuro que os obxectivos, contidos e actividades teñan un nivel adecuado e respondan aos seus intereses e os métodos e recursos sexan atractivos e faciliten a aprendizaxe.

O desenvolvemento das competencias básicas supón a integración das aprendizaxes, polo que a miña proposta é **globalizadora**, rexeitando a presentación ao neno/a dunha realidade fragmentada e traballando todas as áreas interrelacionadas partir de centros de interese próximos aos nenos/as, seguindo a **Decroly**.

**A actividade** é a principal fonte de aprendizaxe dos nenos/as. É necesaria tanto para o seu desenvolvemento psicomotor como para a construción do coñecemento. Por iso, programo un ensino activo, seguindo o **principio de actividade**, baseado na observación, manipulación, experimentación, reflexión e esforzo mental, como postulan **Froebel** ou **Claparede**. Así, proporei aos meus alumnos/as actividades variadas e nas que interveñan diversas competencias.

Unha das principais fontes de actividade nestas idades é o **xogo**, polo que doto de **carácter lúdico** as actividades a realizar, evitando a división entre xogo e traballo. Potencio así mesmo o xogo autónomo dos nenos/as, tanto a nivel individual como o realizado en equipo. Serán xogos motores, de imitación, de representación, xogo simbólico, dramático e de tradición cultural, abordando a

través de todos eles unha boa formulación de educación en valores. Ademais dun importante recurso, tratarei o xogo como obxectivo e contido.

Atendo tamén na miña proposta ao **principio de socialización**, como apuntaba **Raimond Rivier**, propoñendo actividades de grupo nas que os nenos/as aprendan comportamentos e normas, así como a respectar, participar e a relacionarse cos demais, superando o seu egocentrismo e axudándolle a acadar a competencia social e cidadá.

Sigo tamén o **enfoque constructivista**, permitíndolle ao neno/a construír a súa propia aprendizaxe coa miña axuda.

Por todo isto é necesario xerar un **ambiente escolar de benestar, afectivo e estimulante**, para o que procurarei crear un ambiente de confianza, cálido, acoledor e seguro no que o neno se sinta querido e interaccione cos compañeiros do seu equipo e na medida do posible cos demais compañeiros e compañeiras, comigo e cos elementos do entorno, sen esquecer establecer límites e normas que, dentro deste ambiente afectivo, axuden a crear un espazo para a **convivencia**.

Seguindo as indicacións do PE e o principio do **D.330/09** de que a EI é unha **arefa compartida**, porei da miña parte para que sexa posible a coordinación entre todos os profesionais que interveñen na educación dos meus alumnos, tanto a nivel de centro como coas familias e outros colectivos sociais.

A **coordinación coas familias** levareina a cabo a través de reunións ou titorías (que se realizan os luns de 17:30 a 18:30), tanto grupais como individuais, entrevistas, chamadas telefónicas, notas informativas, actualización de protocolos...

A **coordinación cos demais mestres e mestras** é continua, tanto formalmente a través das reunións do ciclo e do claustro, como informalmente na actividade diaria.

Na miña proposta considero os **recursos** como favorecedores da aprendizaxe. Empregaremos todos os que se presenten ao noso alcance, tanto humanos, materiais ou organizativos, intentando aproveitar situacións que xurdan e todo aquilo que por motivador ou diferente produza interese aos meus alumnos/as.

En canto aos **recursos humanos** son tanto internos como externos: mestres do ciclo, especialistas do D.O, outros especialistas, equipo directivo, as propias familias...

En canto aos **materiais** a empregar para as diferentes actividades, procuro que sexan variados e motivadores, adaptados á idade, necesidades e intereses dos alumnos, tal e como indican **María Montessori** e **Zabalza**, cumprindo as normas básicas de seguridade e hixiene e que permitan o desenvolvemento sensorial e motórico, a manipulación, interacción, observación e experimentación, o pensamento lóxico, a representación, a comunicación oral e a creatividade dos meus alumnos/as (comprados, prestados, fabricados na aula, reciclados...).

A **organización do espazo** está deseñada con intencionalidade educativa, que permita atender ás necesidades de afecto, xogo, exploración, comunicación e descanso dos nenos/as.

Na **organización do tempo** respecto as necesidades dos nenos/as, combinando tempos de actividade con períodos de descanso e procurando ser flexible, tendo en conta a importancia das rutinas temporais nesta etapa educativa.

Non podo esquecer na miña intervención a presenza das **novas tecnoloxías da información e comunicación** debido á importancia que teñen na sociedade actual e como recurso para traballar moitos dos contidos das diferentes áreas. Así, traballamos con variedade de programas informáticos, páxinas web, portais educativos... adaptados á etapa infantil e que son moi útiles para traballar conceptos relacionados coa expresión matemática, a lectoescritura, o coñecemento do contorno, das partes do corpo, etc. Traballamos así co ordenador, coa tablet levando a cabo a en todos estes aparatos a desinfección pertinente tras o seu uso, reprodutores de CD/DVD, mp3...

Tamén trato de **fomentar a lectura**, propoñendo actividades que estimulen o interese e hábito da lectura a través da biblioteca de aula e da media hora de lectura diaria que se levará a cabo na clase.

## **8.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

Aínda partindo das características xerais do/a neno/a de 3 anos, teño en conta que cada suxeito evoluciona segundo o seu ritmo natural. Cada un/a ten o seu propio proceso madurativo e de aprendizaxe, ademais de diferentes intereses, motivacións, preocupacións e necesidades debido a distintos factores. Así,

tutorizo un grupo heteroxéneo, o cal entendo como un elemento enriquecedor. De aí a importancia da **atención a esta diversidade**, buscando sempre a resposta educativa que mellor se adapte aos alumnos/as.

Para atender á diversidade nos ritmos de desenvolvemento e aprendizaxe adopto unha serie de **medidas na miña práctica docente diaria** tales como: a adecuación de estratexias de intervención educativa, utilizar o enfoque cooperativo, que favorece a atención á diversidade, a adaptación de técnicas, instrumentos e/ou procedementos de avaliación, atención máis personalizada, propoñer actividades de reforzo ou ampliación, aumentar ou diminuír o ritmo, cambiar as palabras nunha explicación, repetir as instrucións tantas veces como sexa necesario ...

Neste momento non hai na miña aula ningún alumno/a diagnosticado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.

## **9.- DISTRIBUCIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS AO LONGO DO CURSO.**

Seguindo a O.25 de xuño/20, pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021-2022.

Distribúo os obxectivos e contidos ao longo de 13 unidades didácticas organizadas en tres trimestres, seguindo unha orde lóxica na distribución dos contidos ao longo do curso. Parto do criterio de que os nenos/as coñezan primeiro o seu propio corpo, logo o contorno próximo e, para rematar, o contorno afastado, e parto tamén dos acontecementos ligados ao calendario, relacionando cada unidade didáctica coa data na que nos atopamos (as estacións, o Nadal, Entroido...), ademais das conmemoracións establecidas no calendario escolar.

### **SECUENCIA DE UNIDADES DIDÁCTICAS.**

#### **1º TRIMESTRE**

1. Benvidos á escola.
2. Coñezo o meu corpo.
3. Choiva de follas.
4. A casa e a familia.
5. Chega o Nadal.

## **2º TRIMESTRE**

6. Que frío fai!
7. Que divertido é disfrazarse!
8. Que comemos hoxe?
9. Alegre primavera.

## **3º TRIMESTRE**

10. Amigos dos animais.
11. As profesións.
12. Festiletras.
13. Chegou o verán e as vacacións.

### **U.D.1: BENVIDOS Á ESCOLA**

A inclusión desta unidade didáctica na miña proposta fundaméntase na necesidade de que os nenos/as coñezan o entorno no que se van desenvolver durante todo o curso escolar. Xa que os meus alumnos/as son de 3 anos e se incorporan por primeira vez á escola inclúo nesta unidade o período de adaptación.

### **OBXECTIVOS**

- \* Adaptarse ás rutinas e aos horarios da aula.
- \* Recoñecer a pertenza a un grupo- clase.
- \* Adquirir hábitos axeitados para ter ordenada e coidada a aula.
- \* Desenvolver a autonomía nas actividades cotiás da aula.
- \* Recoñecer os momentos en que hai que lavar as mans.
- \* Desenvolver a motricidade global do corpo.
- \* Identificar e expresar as propias emocións e sentimentos.
- \* Aceptar progresivamente as regras dos xogos.
- \* Identificar a forma circular en obxectos cotiáns.
- \* Recoñecer o tamaño dos obxectos segundo sexan grandes ou pequenos.
- \* Coñecer os membros da clase.
- \* Recoñecerse parte integrante dun grupo.
- \* Coñecer o nome do centro e algunha das súas dependencias.
- \* Recoñecer onde está a propia aula no centro escolar.
- \* Identificar os espazos que hai na aula.

- \* Coñecer e aceptar as normas básicas de convivencia na aula.
- \* Comprender ordes sinxelas.
- \* Comprender a historia dun conto.
- \* Coñecer o uso que teñen os rótulos.
- \* Respetar as normas que rexen o intercambio lingüístico: atención, quenda de palabra.
- \* Adquirir habilidade para utilizar os dedos como útil para pintar.
- \* Coñecer e interpretar cancións.

## **CONTIDOS**

### ⇒ **COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL.**

- Adquisición de hábitos relacionados co coidado da aula e coa convivencia nela.
- Rutinas e horarios da aula.
- Hábitos de hixiene relacionados coa saúde.
- Adquisición da coordinación de movementos.
- Recoñecemento e expresión dos sentimentos de alegría e tristeza.

### ⇒ **COÑECEMENTO DO CONTORNO.**

- Adquirir vocabulario referido ao colexio.
- O círculo.
- Diferenciación dos tamaños dos obxectos: grande/ pequeno.
- Identificación dos espazos máis habituais do centro: a aula e a zona de recreo.
- Recoñecemento dos membros da clase: profesorado e compañeiros/as.
- Os espazos, obxectos e materiais da aula.
- Normas básicas de convivencia no grupo clase.

### ⇒ **LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN**

- Adquisición de vocabulario sobre o colexio.
- Realización de trazos verticais.
- Recoñecemento da importancia do nome propio.
- Os rótulos no contorno.
- Técnicas plásticas: dactilopintura.
- Cancións: “Bos días”, “Os días da semana”, “O tren do cole”, “O silencio”.

-

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- \* Adáptase ás rutinas e aos horarios da aula.
- \* Recoñece a pertenza a un grupo- clase.
- \* Adquire hábitos axeitados para ter ordenada e coidada a aula.
- \* Desenvolve a autonomía nas actividades cotiás da aula.
- \* Recoñece os momentos en que hai que lavar as mans.
- \* Desenvolve a motricidade global do corpo.
- \* Identifica e expresa as propias emocións e sentimentos.
- \* Acepta progresivamente as regras dos xogos.
- \* Identifica a forma circular en obxectos cotiáns.
- \* Recoñece o tamaño dos obxectos segundo sexan grandes ou pequenos.
- \* Coñece os membros da clase.
- \* Recoñécese parte integrante dun grupo.
- \* Coñece o nome do centro e algunha das súas dependencias.
- \* Recoñece onde está a propia aula no centro escolar.
- \* Identifica os espazos que hai na aula.
- \* Coñece e acepta as normas básicas de convivencia na aula.
- \* Comprende ordes sinxelas.
- \* Comprende a historia dun conto.
- \* Coñece o uso que teñen os rótulos.
- \* Respecta as normas que rexen o intercambio lingüístico: atención, quenda de palabra.
- \* Adquiriu habilidade para utilizar os dedos como útil para pintar.
- \* Coñece e interpretar as cancións da unidade.

### **U.D.2: COÑEZO O MEU CORPO**

Esta unidade didáctica fundaméntase na importancia de que os nenos/as coñezan e valoren o seu corpo e as súas posibilidades e o dos demais, ampliando o seu nivel de autonomía, aceptándose e respectándose mutuamente.

## **OBXECTIVOS**

- \* Identificar os hábitos de hixiene, alimentación e descanso necesarios para manter a saúde.
- \* Identificar a imaxe corporal global.
- \* Recoñecer características físicas propias e dos compañeiros.
- \* Recoñecer algúns cambios físicos ligados co paso do tempo.
- \* Identificar e valorar as diferenzas e as semellanzas entre as persoas en razón do sexo e da idade.
- \* Recoñecer as partes da cara.
- \* Identificar o tamaño dos obxectos por comparación.
- \* Recoñecer o valor dos cuantificadores “moitos” e “poucos”.
- \* Establecer relacións de equivalencia entre coleccións.
- \* Asociar a cantidade e a grafía do número 1.
- \* Recoñecer o médico como servizo para coidar a saúde.
- \* Coñecer e aceptar a existencia de normas que regulan os xogos.
- \* Adquirir vocabulario referido ao corpo.
- \* Recoñecer o son e a grafía maiúscula da letra U.
- \* Adquirir habilidade e coordinación na realización de trazos propostos.
- \* Discriminar o nome propio en distintos lugares.
- \* Aprender palabras significativas en inglés.
- \* Exercitar as posibilidades expresivas do corpo.
- \* Recoñecer diferentes sons producidos polo corpo.
- \* Discriminar a cor vermella.
- \* Coñecer e interpretar algunhas cancións.

## **CONTIDOS**

- ⇒ **COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL.**
- A imaxe corporal global.
  - Observación das características propias e dos compañeiros.
  - Observación dos cambios físicos ligados ao paso do tempo.
  - Recoñecemento das partes da cara.
  - Identificación das necesidades corporais básicas: hixiene, alimentación e descanso.
  - Hábitos de hixiene relacionados coa saúde.



⇒ **COÑECEMENTO DO CONTORNO.**

- Discriminación do tamaño dos obxectos: grande/ pequeno.
- Cuantificadores: moitos/ poucos.
- Asociación da grafía do número 1 coa súa cantidade.
- Relacións de equivalencia entre coleccións.
- Recoñecemento da importancia do médico.
- Participación en distintos tipos de xogos.

⇒ **LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN**

- Adquisición de vocabulario referido ao corpo.
- Realización de trazos horizontais e verticais.
- Recoñecemento do son e a grafía da letra U.
- O nome propio.
- Vocabulario en inglés.
- Interese e gozo coas actividades baseadas na linguaxe corporal.
- A cor vermella.
- Cancións sobre o corpo: “Pimpón”, “A mi burro”...

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- \* Identifica os hábitos de hixiene, alimentación e descanso necesarios para manter a saúde.
- \* Identifica a imaxe corporal global.
- \* Recoñece características físicas propias e dos compañeiros.
- \* Recoñece algúns cambios físicos ligados co paso do tempo.
- \* Identifica e valora as diferenzas e as semellanzas entre as persoas en razón do sexo e da idade.
- \* Recoñece as partes da cara.
- \* Identifica o tamaño dos obxectos por comparación.
- \* Recoñece o valor dos cuantificadores “moitos” e “poucos”.
- \* Establece relacións de equivalencia entre coleccións.
- \* Asocia a cantidade e a grafía do número 1.
- \* Recoñece o médico como servizo para coidar a saúde.
- \* Coñece e acepta a existencia de normas que regulan os xogos.
- \* Adquiriu vocabulario referido ao corpo.
- \* Recoñece o son e a grafía maiúscula da letra U.
- \* Adquiriu habilidade e coordinación na realización de trazos propostos.

- \* Discrimina o nome propio en distintos lugares.
- \* Aprendeu palabras significativas en inglés.
- \* Exercita as posibilidades expresivas do corpo.
- \* Recoñece diferentes sons producidos polo corpo.
- \* Discrimina a cor vermella.
- \* Coñece e interpretar algunhas cancións.

### **U.D.3: CHOIVA DE FOLLAS**

É necesario que os nenos/as coñezan o medio que lles rodea e que sexan conscientes dos cambios que se producen no mesmo coa chegada do outono e aprendan a adaptarse a eles.

#### **OBXECTIVOS**

- \* Recoñecer hábitos para previr arrefriados.
- \* Avanzar nas habilidades motrices finas.
- \* Discriminar as pezas de vestir propias do outono.
- \* Identificar o órgano correspondente ao sentido do olfacto.
- \* Desenvolver a autonomía nas actividades cotiás da aula.
- \* Verbalizar o criterio de formación dunha serie.
- \* Discriminar o círculo entre outras formas.
- \* Asociar a cantidade e a grafía do número 1.
- \* Identificar algúns cambios no contorno coa chegada do outono.
- \* Observar as consecuencias dos cambios do tempo atmosférico na paisaxe e na vida cotiá.
- \* Coñecer as celebracións típicas da época na nosa localidade: O magosto, o Samaín.
- \* Adquirir vocabulario relacionado co outono.
- \* Recoñecer palabras que conteñan o son e a grafía da letra U.
- \* escoitar e comprender adiviñas e refráns.
- \* Aprender palabras significativas en inglés.
- \* Familiarizarse co uso do ordenador.
- \* Discriminar a cor amarela.
- \* Discriminar o son do silencio.

- \* Adquirir habilidade nas técnicas plásticas: estampado.

## **CONTIDOS**

### ⇒ **COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL.**

- Identificación de hábitos para previr arrefriados.
- Desenvolvemento das habilidades motrices finas.
- Recoñecemento das pezas de vestir propias do outono.
- Exercitación do sentido do olfacto.
- Desenvolver a autonomía nas actividades cotiás da aula.

### ⇒ **COÑECEMENTO DO CONTORNO.**

- Realización de series lóxicas.
- Recoñecemento do círculo.
- Asociación do número 1 coa súa cantidade.
- Observación dos cambios no contorno coa chegada do outono: a choiva, a caída das follas...
- Celebracións: O Magosto, o Samaín.

### ⇒ **LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN**

- Vocabulario do outono,
- Recoñecemento da letra U: son e grafía.
- Comprensión de adiviñas e refráns sobre o outono.
- Vocabulario en inglés.
- Uso e coidado do ordenador.
- Identificación da cor amarela.
- Discriminación do son e o silencio.
- Realización de obras plásticas coa técnica do estampado.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- \* Recoñece hábitos para previr arrefriados.
- \* Avanzou nas habilidades motrices finas.
- \* Discrimina as pezas de vestir propias do outono.
- \* Identifica o órgano correspondente ao sentido do olfacto.
- \* Desenvolveu a autonomía nas actividades cotiás da aula.
- \* Verbaliza o criterio de formación dunha serie.
- \* Discrimina o círculo entre outras formas.
- \* Asocia a cantidade e a grafía do número 1.
- \* Identifica algúns cambios no contorno coa chegada do outono.

- \* Observa e coñece as consecuencias dos cambios do tempo atmosférico na paisaxe e na vida cotiá.
- \* Coñece as celebracións típicas da época na nosa localidade: O magosto, o Samaín.
- \* Adquiriu vocabulario relacionado co outono.
- \* Recoñece palabras que conteñan o son e a grafía da letra U.
- \* escoita e comprender adiviñas e refráns.
- \* Aprende palabras significativas en inglés.
- \* Usa o ordenador adecuadamente.
- \* Discrimina a cor amarela.
- \* Discrimina o son do silencio.
- \* Adquiriu habilidade nas técnicas plásticas: estampado.

#### **U.D.4: A CASA E A FAMILIA**

Aínda que o contorno escolar é cada vez máis importante na vida dos alumnos/as, non debemos esquecer que o seu fogar e a súa familia seguen sendo os seus principais referentes; de aí a necesidade de traballar aspectos sobre a casa e a familia.

#### **OBXECTIVOS**

- \* Expresar necesidades corporais básicas.
- \* Explorar as posibilidades motrices e posturais o seu corpo.
- \* Desenvolver a coordinación óculo-manual necesaria para a manipulación e utilización de utensilios comúns.
- \* Identificar expresións faciais que reflectan distintos sentimentos.
- \* Aceptar progresivamente as regras dos xogos.
- \* Recoñecer a pertenza ou non pertenza de obxectos a unha colección.
- \* Diferenciar os conceptos “enriba” e “debaixo”.
- \* Asociar a cantidade e a grafía do número 1.
- \* Identificar os membros da propia familia.
- \* Recoñecer as distintas estancias e actividades que se realizan na casa.
- \* Identificar o mobiliario e os obxectos propios dalgunhas estancias da casa.

- \* Coñecer e valorar distintos modelos de unidade familiar.
- \* Identificar normas básicas de convivencia e participación familiar.
- \* Celebrar as conmemoracións establecidas no calendario.
- \* Adquirir vocabulario referido á casa e á familia.
- \* Adquirir habilidade e coordinación na realización dos trazos propostos.
- \* Recoñecer o son e a grafía da letra A.
- \* Expresar verbalmente sentimentos, ideas e desexos.
- \* Comprender contos relacionados coa familia
- \* Aprender palabras significativas en inglés.
- \* Participar en actividades TIC.
- \* Dramatizar situacións da vida cotiá.
- \* Recoñecer sons cotiáns da casa.

## **CONTIDOS**

### ⇒ **COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL.**

- Expresión das necesidades corporais básicas.
- Exploración das posibilidades motrices do propio corpo.
- Iniciación na coordinación e no control de habilidades manipulativas no uso de utensilios comúns: punzón...
- Recoñecemento das expresións da cara.
- Aceptación das regras dos xogos.

### ⇒ **COÑECEMENTO DO CONTORNO.**

- Coleccións de obxectos.
- Diferenciación dos conceptos “enriba” e “debaixo”.
- O número 1: cantidade e grafía.
- A familia.
- Respecto aos distintos modelos de unidade familiar.
- A casa: estancias e actividades.
- Mobiliario e obxectos da casa: uso e localización.
- Gusto pola participación en celebracións: Constitución e Estatuto de Autonomía.

### ⇒ **LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN**

- Vocabulario referido á casa e á familia.
- Realización de trazos horizontais.
- Identificación do son e a grafía da letra A.

- Expresión de sentimentos.
- Comprensión de contos relacionados coa familia.
- Adquisición de vocabulario en inglés.
- Gusto por participar en xogos no ordenador e no EDI.
- Participación en actividades de xogo dramático e simbólico.
- Recoñecemento de sons cotiáns da casa

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- \* Expresa as necesidades corporais básicas.
- \* Explora as posibilidades motrices e posturais o seu corpo.
- \* Desenvolveu a coordinación óculo-manual necesaria para a manipulación e utilización de utensilios comúns.
- \* Identifica expresións faciais que reflectan distintos sentimentos.
- \* Acepta progresivamente as regras dos xogos.
- \* Recoñece a pertenza ou non pertenza de obxectos a unha colección.
- \* Diferenza os conceptos “enriba” e “debaixo”.
- \* Asocia a cantidade e a grafía do número 1.
- \* Identifica os membros da propia familia.
- \* Recoñece as distintas estancias e actividades que se realizan na casa.
- \* Identifica o mobiliario e os obxectos propios dalgunhas estancias da casa.
- \* Coñece e valora distintos modelos de unidade familiar.
- \* Identifica normas básicas de convivencia e participación familiar.
- \* Celebra as conmemoracións establecidas no calendario.
- \* Adquiriu vocabulario referido á casa e á familia.
- \* Adquiriu habilidade e coordinación na realización dos trazos propostos.
- \* Recoñece o son e a grafía da letra A.
- \* Expresa verbalmente sentimentos, ideas e desexos.
- \* Aprendeu palabras significativas en inglés.
- \* Participa en actividades TIC.
- \* Dramatiza situacións da vida cotiá.
- \* Recoñece sons cotiáns da casa.

## **U.D.5: CHEGA O NADAL**

É importante que os nenos/as coñezan e valoren unha festa tradicional como é o Nadal e as súas manifestacións culturais.

### **OBXECTIVOS**

- \* Desenvolver as capacidades de observación, atención e memoria.
- \* Progresar na realización das tarefas.
- \* Expresar sentimentos de alegría e tristeza.
- \* Experimentar sabores a través do gusto.
- \* Avanzar na adquisición de hábitos axeitados para ter ordenada e coidada a aula.
- \* Verbalizar o criterio de formación dunha serie.
- \* Recoñecer o valor dos cuantificadores “moitos” e “poucos”.
- \* Asociar a cantidade e a grafía do número 1.
- \* Clasificar obxectos segundo a súa cor.
- \* Recoñecer o círculo entre outras formas.
- \* Coñecer e respectar as celebracións de Nadal.
- \* Celebrar conmemoracións establecidas no calendario.
- \* Adquirir vocabulario referido ao Nadal.
- \* Recoñecer palabras que conteñan o son e a grafía A.
- \* Comprender e reproducir textos de tradición oral.
- \* Aprender palabras significativas en inglés.
